



ANEXO

CONDICIÓNS XERAIS E ESPECÍFICAS PARA AS OBRAS SOMETIDAS A COMUNICACIÓN PREVIA

CONDICIÓNS XERAIS

1) Non se poderán iniciar as obras que con este escrito se comunican ata que transcorra o prazo de quince días hábiles contado a partir do seguinte ao da entrada no rexistro municipal desta comunicación coa documentación esixible completa.

As obras que se comunican deberán de iniciarse no prazo máximo de seis meses contado a partir do día seguinte a aquel no que finalice o prazo de quince días sinalado no parágrafo anterior e deberán ser finalizadas no prazo máximo de un ano ou de tres, no caso das obras para as que se esixa proxecto técnico, contado a partir da mesma data. Finalizados os ditos prazos sen que as obras se inicien ou rematen se declarará caducado o dereito a obrar que outorga a comunicación previa, salvo que o interesado comunique prórroga dos referidos prazos antes da súa finalización e por un tempo non superior ao inicialmente establecido.

2) Transcorrido o prazo de quince días hábiles desde a presentación da comunicación previa sen que se requira ao interesado a corrección de posibles deficiencias que puideran existir, se poderán iniciar as obras comunicadas, sen que a inactividade da Administración implique a emenda dos defectos ou irregularidades que presente o contido da comunicación ou da documentación que se achega con ela nin os que poida presentar a obra ou a actuación obxecto da comunicación.

3) Unicamente se poderán executar as obras descritas na presente comunicación. As dimensións e características das obras non excederán das comunicadas, considerándose como infracción urbanística calquera extralimitación na que se incorra. Cando se pretenda introducir modificacións durante a execución se deberá comunicar de novo o dito feito ao Concello.

4) A presente comunicación non supón autorización para a ocupación da vía pública u outros espazos públicos con materiais de construción, andamios, máquinas, guindastres ou calquera ferramenta ou instrumento xa que isto deberá ser obxecto da correspondente solicitude de licenza para a súa autorización, se procede.

Igualmente se solicitará licenza para todas as obras que afecten a bens do dominio público municipal (por exemplo: conexións ás redes municipais de abastecemento de auga e de saneamento ou ramplas de acceso a parcelas desde o viario público municipal).

5) Na realización dos traballos estarase obrigado a reparar os estragos que como consecuencia das obras se orixinen nas vías públicas e demais espazos lindeiros, e a mantelos en condicións de seguridade, salubridade e limpeza.

6) A presente comunicación producirá efectos entre o Concello e quen a promove, pero non alterará as situacións xurídicas privadas entre este e as demais persoas. As obras realizaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

7) O comunicante deberá ter a disposición dos servizos municipais a comunicación previa rexistrada neste Concello e facilitará o acceso dos ditos servizos á obra para a súa comprobación e inspección.

CONDICIÓNS ESPECÍFICAS

Se as obras que se comunican se refiren á construción de cerramentos de parcela, antes do inicio da obra deberá solicitarse polo interesado na Área de Urbanismo deste Concello que se indique a aliñación e o recuamento do cerramento con respecto ao camiño público ou estrada cos que linde.